



## Bases do I Concurso de Microrrelato ‘Linguas nas Redes’

### Día Europeo das Linguas | 26 de setembro



#### Temática

Libre. Non estarán permitidas as participacións e/ou comentarios cuxo contido se considere inadecuado, ofensivo, inxurioso ou discriminatorio, ou que poidan vulnerar os dereitos de terceiros.

#### Participantes

Pode participar de xeito individual, a través da súa conta de Twitter ou Instagram, calquera persoa que siga a EOI de Vilagarcía nas redes sociais e desexe participar no concurso. A participación implica a aceptación das presentes bases. Se considerará autor/a a persoa propietaria da conta.

#### Características da participación

- As obras deberán estar escritas no xénero microrrelato en prosa en calquera das cinco linguas estranxeiras que se ensinan na escola: alemán, francés, inglés, italiano e portugués.
- Deberán ser obras orixinais e inéditas.
- As obras deberán incluír unha das 5 palabras estranxeiras das imaxes da publicación.
- Cada persoa participante poderá presentar un máximo de 2 microrrelatos por lingua.
- Cada persoa participante poderá presentar un máximo de 2 microrrelatos por cada modalidade de participación no Twitter e no Instagram.
- As obras terán unha extensión máxima de 70 palabras, sen contar co título, que será obrigatorio.
- As persoas participantes deberán votar con likes no Twitter e/ou no Instagram, os microrrelatos que máis lles gusten. As persoas observadoras poderán votar con likes no Twitter e/ou no Instagram ós microrrelatos que máis lles gusten.
- Haberá tres categorías de premios.
  - 1ª categoría: Mellor microrrelato en cada unha das cinco linguas, avaliado mediante rúbrica polo xurado formado por profesorado da escola.
  - 2ª categoría: Microrrelato en calquera lingua con máis likes no Twitter.
  - 3ª categoría: Microrrelato en calquera lingua con máis likes no Instagram.

#### MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN a través de Twitter

- Seguir a @EOIVilagarcia no Twitter
- Comentar cun chío na palabra estranxeira escollida, co título e o relato completo, mencionando á @EOIVilagarcia e incluíndo os cancelos #eovilagarcia, #diaeuropeodaslinguas e #concursumicrorrelatos
- Poderán rechouchiarse tanto a publicación como os relatos para maior difusión.



### **MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN a través de Instagram:**

- Seguir á @eoivilagarcia no Instagram
- Comentar na foto da palabra estranxeira escollida, co título e o relato completo, incluíndo os cancelos #eoivilagarcia, #diaeuropeodaslinguas e #concursomicrorrelatos.
- Poderá compartirse en historias tanto a publicación como os relatos para maior difusión, etiquetando á @eoivilagarcia

### **Premios**

Se poderán dar até sete premios, cuxa dotación constará dunha bolsa de tela e un paraguas da EOI de Vilagarcía. Contactarase co autor ou autora do microrrelato gañador en cada categoría a través da rede social de publicación para solicitarlle os datos necesarios para a entrega do premio.

1ª categoría: Para o mellor microrrelato en cada unha das cinco linguas, avaliado mediante rúbrica polo xurado. O xurado estará formado por integrantes do equipo de culturais do centro, composto pola vicedirección e as xefaturas de departamentos didácticos das linguas.

2ª categoría: Para o microrrelato en calquera das cinco linguas con máis likes no Twitter.

3ª categoría: Para o microrrelato en calquera das cinco linguas con máis likes no Instagram.

Nota: A 2ª e 3ª categoría non poderá recaer na mesma persoa participante. De ser o caso, gañará unha das categorías, e o seguinte microrrelato en número de likes acadará o premio na outra. O xurado resérvase o dereito de declarar os premios das categorías desertos, no caso de non haber un número de microrrelatos suficiente. Considerarase un número suficiente un mínimo de 2 microrrelatos por categoría.

### **Prazo de presentación**

O concurso estará activo en redes durante as dúas semanas inmediatamente posteriores ó Día Europeo das Linguas (26 de setembro). As obras deberán publicarse en redes seguindo as instrucións das modalidades descritas, desde o día 26 de setembro de 2020, até as 23.59 do día 9 de outubro de 2020. Calquera publicación posterior será descartada.

O período de valoración das obras polo xurado realizarase durante a semana seguinte ó peche do prazo de presentación e darase a coñecer o veredicto, en calquera caso, non antes da finalización do mes de outubro mediante os medios de difusión cos que conta a Escola.

### **Publicidade**

Para que toda a comunidade escolar poida lelos, a Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía se reserva o dereito de difundir os microrrelatos participantes e/ou gañadores nos diferentes medios de cos que conta a escola, entre eles a radio da Biblioteca. De ser o caso, poderá requirirse con posterioridade ós/ás autores/as a presentación das obras participantes e/ou gañadoras en formato audio.